


COUSAS DE o salnés sur

Revista de
información local
nº1 / 2013



TURISMO
A RUTA DO
ALBARIÑO | 9

GALICIA SOLIDARIA
ESPERANZA
SALNÉS | 13

CULTURA
VIAXA A UN MUNDO
PERDIDO | 14

QUEN É QUEN NO RUEIRO
ROSALÍA DE
CASTRO | 22



VEN A DAR LA VUELTA AL MUNDO EN NUESTRO CRUCERO

DELUXE

Sanxenxo

WELCOME

EL PRIMER
RESTAURANTE
espectáculo
DE GALICIA

VEN A VER
NUESTRO
SHOW

CON COPA DE CAVA

19[€].90

RESERVAS

635 80 80 80

"PRECIO ESPECIAL PARA MAS DE 10 PERSONAS"

TODOS LOS JUEVES, VIERNES Y SÁBADOS
WWW.DELUXESANXENXO.COM

----A 50 M DE LA EST.DE BUSES DE SANXENXO----

BUFFET LIBRE
+1 BEBIDA+SHOW
+PULSERA INTRO
DELUXE DISCO

CON DESCUENTOS EN
CONSUMICIONES

DESDE
39[€].90

ÍNDICE

4	NOVAS
9	RUTAS: A RUTA DO ALBARIÑO
13	ESPERANZA SALNÉS
14	VIAXA A UN MUNDO PERDIDO
16	OCIO
18	AXENDA
20	TELÉFONOS
30	QUEN É QUEN

EDITORIAL

A presentación do primeiro número dunha revista, é sempre un momento de gran satisfacción para os seus editores. En Edicions Basán ademáis, sentímonos especialmente orgullosos por avazar un paso máis no proxecto "COUSAS DE".

Entre os fins do citado proxecto, figura coma unha constante o anhelos de poñer en valor, promover e difundir entre os nosos lectores, todo o que de bó se fai no social e cultural na zona onde se edita. Este esforzo editorial vese arropado polo meticuloso traballo dun prestigioso e experimentado equipo de profesionais.

Con este obxectivo nace a revista "COUSAS DE O SALNÉS", achegando o seu contido dunha maneira coidada, cercana e con unha imaxen gráfica moderna, tendo en conta, ademáis, a versión dixital que se desexa volcar en Internet co propósito da súa maior difusión.

"COUSAS DE O SALNÉS" permitirá ao lector a través das diferentes seccións da revista, disfrutar de contidos pouco habituais nunha publicación destas características; incluíndo información adicional de grande utilidade, coma o directorio telefónico e a axenda cultural Así "RUTAS", nace tamén co desexo de potenciar coma foco de atracción, o interese polo turismo cultural, invitando ao lector curioso, o percorrido por arquitecturas, territorios e museos cercanos na xeografía.

"COUSAS DE O SALNÉS", inicia a súa andadura distribuíndose nos termos municipais de Ribadumia, Meaño, Meis, Cambados, O Grove e concellos que compoñen a comarca. Tamén podese descargarse en liña, accedendo directamente a nosa páxina web.

Para rematar, queremos transmitir dende aquí o noso agradecemento a todos os que contribúen a que esto sexa posible.

OS EDITORES

Nº 1 / 2013

Revista de información local

Xestión Publicidade:
626 993 480

Edición, redacción e distribución:
EDICIONES BASAN, S.L.
C/ López de Neira, nº 3, 3º.
36202 Vigo

www.cousasde.com
cousasde@edicionesbasan.com
facebook.com/cousasdeosalnes

Depósito Legal:
C 3539-2010

A empresa resérvase todos os dereitos da publicación, sen que poida reproducirse total ou parcialmente o seu contido, sen o consentimento previo dos editores.



CAMBADOS SUMA 61 FESTAS DEDICADAS AO MELLOR VIÑO BRANCO DO MUNDO

Por primeira vez en varios lustros a Festa do Albariño non celebrou o acto inaugural que da inicio á meirande exaltación dun viño na Península Ibérica. O loito pola traxedia ferroviaria de Angrois estivo presente en Cambados, e as corenta e dúas casetas das adegas foron abrindo as súas fiestras no antigo paseo Cervantes, actual Calzada, para que os albariñenses puidesen efectuar as primeiras libacións dos mellores caldos da denominación de orixe Rías Baixas. Con esta son xa 61 festas as que Cambados leva dedicadas, de xeito ininterrompido, a exaltar e promocionar o mellor viño branco do mundo.

Ainda que non houbo brindes oficiais, o alcalde, Luis Aragunde, e o presidente do consello regulador, Juan Gil de Araújo, visitaron algúns stands do recinto feiral, xunto con numeroso público que se detiña ante as casetas para probar o gorentoso caldo. Centos de persoas e algunhas peñas madrugadoras percorreron o recinto na procura dos mellores sabores entre as adegas que participan nesta magna exaltación. Os albariñenses volveron tomar as señoriais rúas cambadesas reivindicando o seu protagonismo na exaltación vinícola máis antiga e sobranceira do Estado.

A CONCEXALÍA DE DEPORTES DE SANXENXO RETOMARÁ EN SEPTEMBRO O PROGRAMA DE 'ANDAINAS'

Na Lanzada na que participaron unha veintena de persoas. Desde o departamento que dirixe Isabel González recordaron que esta actividade, para a que no nexiste límite de idade, retomaráse en setembro coincidindo co inicio do curso escolar.

Este plan, que comezou o pasado mes de marzo, ten por obxectivo fomentar a práctica de actividade física moderada a través de paseos e camiñatas por lugares do concello adecuados para elo.



O GROVE: PRAIAS DE BANDEIRA

No Grove son varios os areais que contan coa Bandeira Azul, distinción coa que a Unión Europea recoñece aquelas praias e portos que reúnen unhas condicións de salubridade das augas, limpeza das costas e areais e infraestruturas en materia de accesos, duchas, facilidades para minusválidos, vixilancia e seguridade, entre outros servizos. Entre elas atópanse a de A Lanzada, que conta con máis de 2 Km de areal a mar aberto e cun paseo de madeira que permite osixenar o corpo e avivar o espírito en calquera época do ano; A de area da Cruz, cunhas dimensións aproximadas de 625 m de lonxitude e 25 m de anchura media en preamar; A de Raeiros, con vistas á illa de Ons, aberta ao mar, de aproximadamente 670 m de lonxitude e 30 m de anchura media en preamar; ou as de Area das Pipas, Area de Reboredo e Area Grande.

Disfruta de tu nuevo Smartphone con total tranquilidad

Con el Seguro Móvil de Vodafone tu Smartphone o Tablet siempre como el primer día

Por muy poco al mes, disfrutarás de una **Protección Total**: robo, daño accidental o por líquidos, pérdida, uso fraudulento. Consulta el importe de tu seguro en función del Smartphone que tengas.

Móviles de Voz y Smartphone de gama **Mini**



3€/mes

Smartphones de gama **Básica y Estándar**



5€/mes

Smartphones de gama **Avanzada, Premium** y Tablets



9,5€/mes

Smartphones gama **Top**, iPhones y Tablets



12€/mes



¿Y si solo quieres proteger la pantalla?

Si lo prefieres, podrás proteger solo la pantalla de tu Smartphone ante roturas **por solo 3€ al mes o 6€** si tienes un iPhone o Tablet.



Distribuidor Autorizado
Vodafone



Infórmate en tu Tienda Vodafone o en vodafone.es

Infórmate en vodafone.es/seguromovil o llamando gratis al 22103 y contrátalo en tu tienda Vodafone. Promoción limitada a 1000 unidades. Precios válidos hasta 31/08/2013. Impuestos indirectos incluidos. Seguro aplicable a Tablets 8€ o 12€ según modelo, consultar el modelo exacto para saber que póliza aplica.

Vilagarcía de Arousa Manuel Antonio Nº 1. Telf. 986 099 408 | atencion.cliente@rubitel.es **(central)**
Avda. Doutor Tourón nº 34, Telf. 667 005 007 | vilagarcia@rubitel.es
Cambados Avda. de Vilariño nº8 bajo. Telf. 661 224 490 | cambados@rubitel.es
O Grove Rua Barqueira Nº2 bajo. Telf. 637 731 404 | grove@rubitel.es
Portonovo Crta de la Lanzada Nº 33. Telf. 672 297 506 | portonovo@rubitel.es

O GOBERNO DE SANXENXO CONVOCARÁ UNHA COMISIÓN EN SEPTIEMBRE PARA POÑER NOME A 31 RÚAS E ESPAZOS PÚBLICOS

O Goberno de Sanxenxo convocará a comisión de Asuntos Xerais, unha vez que conclua a tempada estival co fin de presentar aos distintos grupos políticos da Corporación o estudo realizado polo Concello sobre as rúas e espazos públicos que carecen de denominación. O executivo sanxenxino pretende que os partidos da oposición aporten as súas propostas á hora de completar o rueiro local, polo que lles trasladarán a documentación e os planos de situación coa antelación necesaria para presentar as súas opcións.

A co misión tamén valorará as proposicións plantexadas por os veciños e asociacións, ben sexa directamente no Concello ou a través dos representantes municipais. "A nosa intención inicial é poder levar ao Pleno ordinario do mes de setembro a aprobación do nome das rúas e prazas xa que se trata dunha cuestión importante no só no día a día dos nosos veciños e veciñas, en canto ao servizo de Correos e outros, senón tamén no momento de localizar os emplacements nas emerxencias que poidan xurdir", comentaron dende o Goberno.



PRESENTÁSE EN CAMBADOS A ASOCIACIÓN FRANCISCO ASOREY EN CAMBADOS

Fai 52 anos, un 2 de xullo finaba o escultor Francisco Asorey en Compostela debido a enfermidade da sílicose, os seus herdeiros e o Concello de Cambados aproveitaron a ocasión para presentar a asociación de protección e divulgación da súa obra.

Coa presenza do conselleiro de Cultura Xesús Vázquez, o alcalde Luís Aragunde e José Manuel e Carmen Asorey que estiveron arroupados por máis de medio centenar de veciños e representantes de partidos e entidades sociais e culturais deu comezo o acto de presentación da Asociación Francisco Asorey. A nova entidade traballa xa coa mente posta na celebración do 125 aniversario da súa morte que se celebrará en 2014, e pretende organizar unha gran exposición que xa seguro reunirá obras inéditas tales como un Cristo creado polo escultor en 1950 para seu estudo de traballo, e un bocexo de Santiago Apóstolo en escaiola como o do Altar Maior da Catedral e que fora encargado por o Centro Gallego de Montevideo polos anos 50 e que onte se mostraron ao público. O prolífico escultor xa en 1942 recoñecía nunha entrevista á prensa ter creado máis de 1.500 pezas.



Moho en las esquinas
de techos y paredes

Vaho en cristales de
espejos y ventanas

Pared cubierta de tierra
en la parte exterior: yesos
y pinturas desprendidas

Yesos y pinturas caídas,
presencia de salitres

GARANTIZADO

Líder europeo en tratamiento de humedades desde 1954

Las humedades se pueden generar de varias formas. Todas ellas son un problema para usted y su familia. Un problema de salud, un problema económico y un problema de confort en el hogar o en su empresa.

Murprotec lleva desde 1954 solucionando este problema, ofreciendo soluciones definitivas contra las humedades estructurales.

*Desde 1954***MURPROTEC**

desde 1954


900 10 35 38**www.murprotec.es**

Llama y olvídate de las humedades

Visita y
diagnóstico**GRATUITOS****GARANTÍA**
de hasta
30 años

- ✓ Calidad certificada por organismos de control independientes
- ✓ Métodos exclusivos y patentados
- ✓ Materias primas exclusivas de alta tecnología
- ✓ Recomendado por los mejores arquitectos
- ✓ Control de calidad estricto en todo el procedimiento
- ✓ Resultados definitivos y garantizados
- ✓ Laboratorios propios de investigación
- ✓ Formación permanente del personal técnico
- ✓ Más de 400 profesionales en toda Europa
- ✓ Más de 7000 obras cada año
- ✓ Líder europeo desde 1954

TRATAMIENTOS CERTIFICADOS POR

**ethias**

PROGRAMA SAÚDE E BENESTAR



A Deputación Provincial presentou o Programa Saude e Benestar que consiste en pasar seis días e cinco noites nun hotel con spa, balneario ou outro tipo de instalacións similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa.

As persoas nadas antes de 1963, pensionistas e persoas que precisen de respiro familiar poderán acollerse ao programa.

SUBASTA DE ARTE DA AECC



Luis Seoane, Isaac Díaz Pardo, Antón Lamazares, oy Leopoldo Nóvoa, son algúns dos autores das obras que confirmarán a exposición que se poderá ver ata o dez de agosto na Sala Nauta de Sanxenxo. No derradeiro día subastaránse as obras durante unha cea a beneficio da Xunta Comarcal do Salnés da Asociación Española contra el Cáncer (AECC), que colabora coa galería About Art na organización desta iniciativa.



A PROTECTORA DE CAMBADOS DENUNCIARÁ A QUEN ABANDONE ANIMAIS

A protectora de animais de Cambados tomou a decisión de denunciar a todo aquel que abandone un can, de forma que se atopa o dono do animal e non o recolle antes do transcurso de 21 días no refuxio, enfrontarase a una multa de máis de 600 euros. Anunciouno a presidenta da Protectora, Olga Costa, ante a situación na que se atopa a asociación, que nos derradeiros días recolleu 19 animais, situando a cifra de animais o cargo da asociación no centenar. "Estamos desbordados" recoñecía Costa, que tamén facía un chamamento a colaboración dos cidadáns, mediante aportacións económicas ou materiais ou ben prestándolles a súa axuda para identificar os donos dos animais abandonados.


PUNTOS VERDES E VERMELLOS NAS RÚAS DO GROVE

Foi uns meses atras cando a asociación de discapacitados Anduriña, con sede no Grove, denunciou a situación das ruas do concello, non pensadas para persoas con problemas de mobilidade, subindo aos políticos locais nunha cadeira de rodas.

Logo do traballo realizado dende a concexalia de Manuel Ochoa a situación mellorou notablemente aínda que todavía queda moito traballo por facer. "Pensamos moi pouco na xente que ten algún tipo de discapacidade" recoñecía o Alcalde que asumíu con entereza as críticas e os círculos vermellos que sinalan as zonas pendentes. Con eses círculos pretendese chamar a atención sobre os obstáculos das rúas, coma costas empinadas, beirarúas demasiado estreitos, edificios municipais sen acceso para minusválidos, etc.



A RUTA DO ALBARIÑO



Moitos quilómetros antes de entrar en Cambados, a aparición das cepas de albariño son o mellor indicador de que deixamos atrás, coa Coruña, a comarca do Ulla; de feito, nada máis entrar en Pontecesures as cores e aromas das uvas vannos indicar que entramos nas Terras do Albariño, o que nos confirmará o paso por Catoira e Arousa, camiño de Cambados, O Grove, Sanxenxo, Combarro e Poio.

Posiblemente, o máis característico da uva sexa o seu aroma, moi semellante ao do Viognier, e con reminiscencias ao albaricoque. O viño albariño é branco, amplo, seco, moi lixeiro e delicioso.

E, aínda que a mediados do século pasado, correu perigo de desaparecer pola súa delicadeza e o seu escaso rendemento, comparado coa fortaleza e o maior volume producido polas cepas híbridas que dan un viño de baixa calidade, o seu prestixio fixo recuperar as cepas autóctonas, a partir de 1960, pasando a considerarse coma unha das variedades autóctonas máis importantes entre as 220 variedades catalogadas en Galicia.

É precisamente en Cambados onde podemos situar o corazón da comarca, e é aquí onde na primeira fin de semana de agosto ten lugar a internacionalmente coñecida Festa do Albariño; festa que principiou en 1953 para dilucidar cal era a mellor colleita de albariño de 1952. Actualmente, esta festa xunta en Cambados

GALICIA É UNHA TERRA RICA EN VIÑOS, SOBRE TODO EN BRANCOS, QUE DESDE SEMPRE FOI VALORADA POLOS SEUS CALDOS, GRAZAS AO AGARIMO EXQUISITO DOS COLLEITEIROS Á AQUELAS CEPAS QUE MOITOS ANOS ATRÁS PRANTARAN OS AVÓS DOS SEUS AVÓS. ENTRE A AMPLA VARIEDADE DE OPCIÓNS DE CALIDADE DA QUE GOZAN OS COMENSAIS, O ALBARIÑO RECIBE AS MÁIS MERECIDAS LOANZAS.

PAZO DE VILLAREI R[e]VOLUCIÓN

ALBARIÑO CELTA



La marca icono de la renovada BODEGAS PAZO DE VILLAREI ve la luz. Una nueva dirección, una nueva imagen y sobre todo un ALBARIÑO de gran calidad con matices complejos de fruta, que contiene la esencia de la cultura vinícola de Galicia desde sus raíces Celtas.



**CONTA A TRADICIÓN QUE FORON OS MONXES CLUNIA-
CENSES ALEMÁNS OS QUE ALÁ POLO SÉCULO XII
TROUXERON AO MOSTEIRO DE ARMENTEIRA AS PRI-
MEIRAS CEPAS DE ALBARIÑO.**

arredor de 150.000 persoas, nunha das citas máis importantes do calendario festivo galego.

Pero Cambados non só é viño. É unha localidade pegada ao mar, cun porto digno de pasear, que posúe unha nobreza de vello. A Moi Nobre Vila de Cambados posúe un dos conxuntos arquitectónicos máis fermosos e fotografados de Galicia, a praza de Fefiñáns, pero todo o seu contorno merece unha visita repousada.

As cepas de Albariño comezan a minguar a medida que nos alonxamos de Cambados e os achegamos a O Grove, onde será un pracer para os sentidos deterse a saborear o viño da comarca xunto aos abundantes mariscos que lle deron sona internacional e reúnen cada ano a milleiros e milleiros de comensais na súa Festa do Marisco, que cada ano ten lugar en torno ao 12 de outubro. De indubidable interese é a visita á termal illa da Toxa e o baño na paradisíaca praia da Lanzada.

Sanxenxo, capital turística das Rías Baixas, foi no seu orixe unha vila mariñeira, pero o seu emprazamento privilexiado e a súa gran oferta de ocio fan que na actualidade o turismo multiplique nun 300% a súa poboación. Portonovo é o seu maior núcleo urbano, e a súa oferta de restaurantes, tabernas e marisquerías tan ampla como diverso é o perfil dos



Granbazán



Venga, le encantará

Granbazán es un destino de ensueño en el hermoso y riquísimo Valle del Salnés. Una vez traspase su elegante puerta de forja, notará que su vello se eriza, mientras su goce irá en aumento cuando su mirada recorra la neoclásica bodega residencial arropada por grandiosas parras de albariño, jardines y parques. Este templo de Dionisios donde se oficia el milagro del vino, yace en unas cálidas medias laderas acariciadas por las brisas marinas de la Ría de Arosa. Todo un hedonista espacio natural regalo del Creador y delicadamente moldeado por el hombre, para elaborar con la variedad albariña, los más elegantes y frutales vinos blancos

de occidente, bajo la marca Granbazán. Un destino que de ningún modo debe perderse. Se ofrecen didácticas visitas a la bodega y catas de los diferentes y extraordinarios vinos de nuestras bodegas. Podrá pasear y relajarse gozando de este escenario, que le regalará paz, perfumes y belleza. Este bucólico y cálido pazo, cuenta con unas completas instalaciones de cocina y elegantes salones, donde podrá organizar fiestas, congresos, bodas y banquetes. Puede estar seguro de que disfrutará de la más natural cocina, elaborada con los inmejorables productos del mar y del campo de esta antigua tierra gallega.



Tremoedo, 46 36628 Vilanova de Arousa
Pontevedra SPAIN. T: (+34) 986 555 562
W 8.78697 N 42.53989

www.agrodebazan.com / comercial@agrodebazansa.es

elmejorvinoalbariño.com



**O VIÑO ALBARIÑO É BRANCO, AMPLO,
SECO, MOI LIXEIRO E DELICIOSO.**

visitantes da comarca. Ademais, dispón de porto pesqueiro e dunha importante e moderna lonxa.

As últimas paradas deste recorrido polas terras do Albariño lévanos ata Combarro e Poio.

Aínda que a produción vitivinícola da vila de Combarro, conxunto de interese histórico-artístico, é pequena, resulta un auténtico pracer para os sentidos beber unha copa de viño da comarca mentres saboreamos un prato de peixe ou marisco fresco e admiramos os seus famosísimos hórreos.

Remata a nosa excursión en Poio, onde nos despedimos da comarca do Albariño e onde cada 28 de setembro se celebra a Festa da Vendima; esta festa ten lugar no espectacular mosteiro de San Xoán. Este complexo milenario que ata o século XIX foi o centro do goberno feudal que exerceu o dominio destas terras é hoxe en día un dos máis importantes centros culturais da comarca.

Este concello bañado polo mar entre bosques piñeiros conta con praias recollidas, que resultan ideais para vacacións tranquilas, e con estupendas instalacións hoteleiras.

Pero o interior do concello tamén nos dá posibilidades de ocio singulares, como a Ruta dos muíños de Samieira, que conta con máis de vinte muíños, algúns deles en pleno funcionamento.

Cun brindis nos despedimos das Terras do Albariño ata moi pronto.





ESPERANZA SALNÉS

Cando unha asociación é sinónimo de esperanza

A asociación para Discapacitados Esperanza Salnés é unha entidade sen ánimo de lucro formada por familias da Comarca do Salnés que teñen fillos que padecen algunha discapacidade física, intelectual, sensorial e/ou patoloxías afíns.

A finalidade fundamental desta entidade é a de proporcionar, a través dunha equipa multidisciplinar composto por fisioterapeuta, logopeda, psicólogo e pedagogo, unha atención terapéutica individualizada e especializada a nenos e adolescentes con minusvalías, tanto escolarizados coma sen escolarizar por causa das patoloxías asociadas, co fin de axudar a mellorar a súa calidade de vida e facilitar a súa integración escolar e socio-familiar.

Dadas as características da poboación da Comarca con necesidades específicas con idades comprendidas entre os 2 e os 18 anos, tanto a nivel persoal coma social, resulta imprescindible unha atención global e especializada que utilice todos os recursos dispoñibles para proporcionarlles unha digna e adecuada calidade de vida.

Para elo, e dada a situación actual da Comarca do Salnés, a cal carece dende fai anos e ata a actualidade, dunha alternativa institucional neste senso, era fundamental dotar a mesma dun Centro Asistencial referencial que conte cunha equipa de profesionais que desenrolen programas específicos, orientados a proporcionar solucións efectivas tanto a persoas con estas necesidades coma as súas familias e entorno social.

Os únicos requisitos para que un usuario poida ser atendido en Esperanza Salnés son que teña entre 2 e 18 anos e que posea o certificado de grado de minusvalía ou esté en proceso de valoración nos servizos sociais competentes.

A Asociación para Discapacitados Esperanza Salnés, está situada no concello de Cambados, na rúa Os Pazos, nº10.





VIAXA COA CIDADE DA CULTURA A UN MUNDO PERDIDO

Décadas de exploracións, un paraíso natural oculto, etnias milenarias, obxectos máxicos...

A cidade da Cultura de Galicia convídase a introducirte no corazón da selva amazónica e realizar a viaxe da túa vida: unha inmersión no “Mundo Perdido”, un lugar protexido e cálido, onde apenas o un por cento da luz solar logra alcanzar o chan ao mediodía pero no que o ser humano atopou hai doce mil anos un acolledor fogar no que atopar todo o necesario para vivir.

Será a través da exposición Orinoco. Viaxe a un mundo perdido, unha homenaxe excepcional á tradición cultural das doce etnias que habitan o Amazonas venezolano e un canto á natureza virxe e ao respecto polo medio natural que pode visitarse no Museo Centro Gaiás ata o vindeiro 12 de xaneiro.

A mostra está formada polas case 1.500 pezas que integran a Colección Orinoco, a mostra étnica máis importante de Latinoamérica pertencente á prestixiosa

Fundación Cisneros de Venezuela, que chega por primeira vez á Península Ibérica tras viaxar durante trece anos por algunhas das institucións culturais máis importantes de Europa.

Material visual e didáctico

O visitante introdúcese na selva amazónica, un percorrido por sendeiros cheos de mitos, maxia e sortilexios, a través das 1.135 pezas das tribus De'áruwa (Piaroa), Ye'kuana, Yanomami, Híwi (Guahibo), E'ñepa (Panare), Wakuénai (Curripaco), Baniva, Baré, Puinave, Warekena, Tsase (Píapoco) e Hoti; recompiladas durante máis de trinta anos de exploracións da familia Cisneros ao corazón da selva venezolana.

Máscaras, cestería, adornos corporais, instrumentos musicais, plumarios, canoas, remos e instrumentos de



pesca, obxectos de uso cotián e máxico-relixiosos distribúense polas tres plantas do Museo Centro Gaiás agrupados en sete ambientes diferenciados: obxectos rituais, instrumentos musicais e xoias no primeiro andar; cestaría e navegación e pesca no segundo; e obxectos utilitarios e armas no terceiro.

Un percorrido que se completa con música cerimonial de catro das etnias do Orinoco e 120 impactantes fotografías das coleccións de Edgardo González Niño e Charles Brewer-Carías. Ao discurso expositivo engáden-se cinco pezas documentais e unha sección multimedia a través da web www.orinoco.org, un novidoso website educativo con importantes recursos visuais e didácticos.

Xentes entre ríos

Orinoco. Viaxe a un mundo perdido inclúe unha pequena mostra etnográfica de Galicia coordinada polo historiador, museólogo e museógrafo Alejandro de Arce, explicando a vida arredor dos ríos con pezas procedentes de institucións e coleccións da nosa comunidade que mostran a tradición da pesca e a navegación. Canoas e barcas tradicionais creadas para facilitar a comunicación e a actividade comercial, artes de pesca tradicionais coas que aproveitar os recursos naturais ou elementos da arquitectura pesqueira como as pesqueiras e os caneiros ofreceranlle ao visitante un pequeno esbozo


da cultura material e a tradición das xentes que conviviron durante xeracións cos ríos galegos.

Info práctica

Orinoco. Viaxe a un mundo perdido poderá visitarse ata o 12 de xaneiro de 2014 no Museo Centro Gaiás de martes a domingo en horario continuado: de 11 a 20 horas. A entrada xeral terá un custo de catro euros, con entrada reducida de dous euros para estudantes, familias numerosas, carné xoven, discapacitados e grupos de máis de vinte persoas. Menores de 18 anos, xubilados e desempregados terán entrada de balde e os mércores será o día de portas abertas.




LITERATURA

**A CHAMADA DE CTHULHU****Autor:** H.P. Lovecraft**208 páxs****Editorial Urco****Tapa blanda****ISBN: 978-84-938558-0-2****Ano edición: 2013**

O primeiro título da Biblioteca Lovecraft vén de ver a luz. Trátase de A chamada de Cthulhu e contén seis relatos da primeira etapa deste autor que marcaron as pautas do mito que viría despois. Esperamos que gustedes deste primeiro volume tanto como nós.


Toda mitoloxía ten uns alicerces e toda épica ten uns inicios, e o chamado «Ciclo de Cthulhu», polifonía estridente e impía que desafia toda cordura, non podía ser menos. Neste volume preséntanse as primeiras obras de H.P. Lovecraft nas que se perfila este inmenso e complexo cosmos estarrecedor poboado das máis aberrantes entidades. Dos poboadores pre-humanos e extraterrestres de «A maldición que caeu sobre Sarnath» ás areas de Arabia que sepultan a esquecida «Cidade sen nome», dos saqueadores de tumbas de «O sabuxo» aos escuros segredos de Nova Inglaterra que relata «O festival», dos adoradores de Nyarlathotep de «Os sonhos da casa da bruxa» a, como non, os sanguinarios cultistas de «A chamada de Cthulhu», estas páxinas revélanos o nacemento dunha das mitoloxías máis importantes do século XX..

**A XANELA INSÓLITA****Autor:****Jorge Emilio Bóveda****211 páxs****Editorial Urco****Tapa blanda****ISBN: 978-84-15699-25-5****Ano edición: 2013**

Velaquí a segunda xanela, a insólita, que se abre ante nós para podermos albiscar os piares da ficción científica; o xénero das preguntas sen resposta, o xénero activador do mecanismo do pensamento, o xénero dos xéneros...

Acompañádenos neste breve e intenso paseo entre a época dos precursores da idea do futuro e as portas do novo milenio. Cunha parada nun capítulo exclusivo adicado á ficción científica na Galiza.

Faremos un percorrido entre libros, anécdotas, autores, enfoques, tempos e espazos, que deixará claro ao lector curioso que a literatura non é máis que un xogo entre distintas realidades converxentes, diverxentes, superpostas ou xustapostas atravesadas pola desacouganante liña do tempo.



Mientras agardas polo segundo número de

**COUSAS DE
o salnés sur**

¿porqué non te fas fan do noso facebook?

www.facebook.com/cousasdeosalnes

www.racingdakart.com

RESERVAS: 647 616 347

KARTING

RACING DAKART®

SANXENXO

PLAYA MAJOR


NUEVO
RX 250

PRECIOS
ESPECIALES

20 ANIVERSARIO



ABIERTO TODOS LOS DÍAS
VERANO DE 10:00 h. A 02:00 h. MADRUGADA



AXENDA CULTURAL



PETER PUNK ACTUARÁ NO GROVE O MÉRCORES 14 DE AGOSTO

A Concellería de Novas Tecnoloxías, Documentación e Patrimonio, dirixida por Alexandre Aguín, anuncia que a Rede de Dinamización Lingüística (RDL) da Xunta de Galicia, da que é membro o concello meco desde principios do ano que andamos, vai desenvolver o espectáculo de dinamización lingüística na rúa Peter Punk o mércores 14 de agosto, ás 21.00 horas na praza do Corgo. Cómpre lembrar que esta actuación estaba prevista para o pasado 26 de xullo, mais logo do fatídico accidente de tren nas proximidades de Compostela, o grupo de goberno municipal decidiu pospoñelo para outra data.

Peter Punk é un espectáculo de rúa baseado no novo circo e no humor máis retranqueiro co que se quere presentar a lingua como parte esencial da vida cotiá. O protagonista é un personaxe moderno e transgresor que combina as novas tendencias coas artes circenses máis tradicionais.

Con máis de 800 funcións en todo o mundo, Peter Punk (interpretado polo mozo malabarista vigués Isaac Rodríguez) sorprende continuamente cun humor fresco e irónico. Durante o espectáculo xoga en escena co público, coa palabra e con todos os obxectos que vai sacando da súa maleta. É unha actuación trepidante, chea de bo humor e de malabares, no cal a comicidade se mestura coa habilidade na procura da risa e da complicidade do público.

En definitiva, un espectáculo multidisciplinar cheo de alicientes para facernos pasar sesenta minutos moi agradables.



ARTES PLÁSTICAS E MÚSICA PARA ADULTOS EN SANXENXO

No Pazo Emilia Pardo Bazán de Sanxenxo terán lugar as actividades de Artes Plásticas e Música para maiores de 16 anos, co fin de ofrecer un programa para adultos que satisfaga as súas demandas. Desta forma o curso de arte comezará o luns 15 de outubro, puidendo realizar a matrícula dende o 1 de agosto. Este Estudo ou Taller de creación artística, ofrecerá ao alumnado libre acceso o Centro e unha maior dispoñibilidade horaria para o seu traballo. Permanecendo abertas de 11.30 a 14 horas pola mañá, e de 19 a 21 polas tardes, de luns a xoves. Será o alumno o que decida o horario de asistencias segundo as dispoñibilidades de espazo existentes.

O traballo será guiado por dous docentes licenciados en Belas Artes, que alternarán a súa presenza entre a mañá e a tarde, apoiando e orientando de forma personalizada a labor de cada alumno. O curso ten unha cota de inscrición de 25 euros e unha mensual de 20 euros.

Para calquera dúbida ou consulta poderase chamar o número de teléfono do Pazo Emilia Pardo Bazán.



A CONCELLERÍA DE DEPORTES DE RIBADUMIA ORGANIZA O XV TORNEO DE TENIS EN AGOSTO

A Concellería de Deportes organiza a décimo quinta edición do Torneo de Tenis "Concello de Ribadumia" que se vai disputar entre o 9 e o 17 de agosto nos pavillóns de Ribadumia e Sisán.

As modalidades nas que se disputa o torneo son, para menores de 14 anos, xuvenil masculina e feminina; e para maiores de 14 anos, absoluta e dobres, masculinas e femininas.

Esta cita deportiva está a converterse nunha referencia na comarca para os moitos deportistas que participan. A súa celebración inclúese dentro do compromiso da concellería de deporte, que dirixe Jorge Abal, de espertar o interese dos veciños por diferentes modalidades deportivas a través da organización de competicións e actividades, da dotación e mantemento de calidade das instalacións deportivas e do apoio os clubs locais.



FESTA DO PAN DO SALNÉS

A Festa do Pan do Salnés que se celebra o próximo sábado 10 de agosto, elixiu o cartel que a promocionará en toda a provincia. Para facer esta elección, o Concello de Ribadumia convocou a XII edición do concurso de carteis que este ano gañou José Ramón Martínez Castro, baixo o título "Muiños, moenda e Pan".

En canto á programación da festa, a concelleira de Cultura Susana Fandiño vén traballando nela nas derradeiras semanas. De feito, xa practicamente está pechada repetindo como escenarios a Carballeira de Ribadumia e os Muíños do Batán. A concelleira resalta "o interese que espertan ámbolos dous espazos entre o público asistente á festa, xa que combinan a tradición e o patrimonio dos muíños cunha rica área natural". Nesta programación ademais das actuacións que amenizarán a xornada, a concellería de Cultura quere promover a participación dos máis pequenos coa realización de actividades e obradoiros relacionadas co pan.

Ao igual que en anos anteriores, tamén se incluírán os concursos de postres caseiros e de empanadas. No primeiro caso, todos os postres presentados deberán levar o pan como un dos seus ingredientes. Entregaranse o propio día da festa, entre as 17.00 e as 19.00 horas na Casa da Cultura de Ribadumia. O primeiro clasificado gañará cen euros, mentres que o premio para o segundo será un trofeo.

No que respecta á cuarta edición do concurso de empanadas, as bases recollen que deben estar elaboradas con fariña de millo, sendo de libre elección os ingredientes de recheo. Cada participante pode entregar como máximo unha empanada, o día da festa na Casa da Cultura de Ribadumia. Os premios son de 150 euros para o primeiro clasificado e un trofeo, para o segundo.

SERVIZOS E TELÉFONOS DE INTERESE DE O SALNÉS

ORGANISMOS MUNICIPAIS

Cambados	
Concello	986 520 902
Oficina de Turismo	986 520 786
O Grove	
Concello	986 730 975
Oficina de Turismo	986 731 415
Meaño	
Concello	986 747 102
Meis	
Concello	986 712 001
Ribadumia	
Concello	986 718 499
Sanxenxo	
Concello	986 720 075
Oficina de Turismo	986 720 285
Oficina Municipal de atención ao consumidor	986 720 075
Oficina Municipal de Información xuvenil	986 690 077
Servicios Sociais	986 727 901

OUTROS ORGANISMOS

Cambados	
Auditorio	986 531 964
Correos e Telégrafos	986 543 647
Xulgado	886 206 050
Pavillón Municipal	986 520 910
Piscina Municipal	986 542 689
O Grove	
Casa da Cultura	986 732 341
Correos e Telégrafos	986 732 078
Xulgado	986 732 138
Club Náutico San Vicente	986 738 325
Meis	
Xulgado	986 712 002
Ribadumia	
Casa da Cultura	986 710 711
Oficina Información xuvenil	986 718 491
Pavillón Polideportivo	986 710 714
Sanxenxo	
Correos e Telégrafos	986 721 087
Xulgado de Paz e Rexistro Civil	986 720 039
Porto deportivo	986 720 517
Club Náutico	986 720 059

SAUDE

Cambados	
Centro saúde	986 524 211
Casa do Mar	986 542 241
Farmacia García-Señoráns Álvarez	986 542 154
Farmacia Martínez Lage	986 542 930
Farmacia Peña	986 542 135
Farmacia Seoane	986 524 617
O Grove	
Centro saúde	986 732 157
Casa do Mar	986 731 049
Farmacia Solá	986 730 912
Farmacia Kaifer	986 730 018
Farmacia Baltar	986 732 134
Farmacia Sánchez Valle	986 731 631
Farmacia Mozos Bugallo	986 738 003
Meis	
Centro saúde	986 712 117
Farmacia García González	986 715 552
Farmacia Gómez-Vázquez	986 718 422
Farmacia Landín Cochón	986 712 005
Ribadumia	
Centro de saúde	986 710 166
Farmacia Vieites Nogueira	986 710 908
Sanxenxo	
Emerxencias	986 727 070
Centro médico Sanxenxo	986 720 917
Policlínica O Pazo	986 690 916
Centro de Saude Sanxenxo	986 691 995
Farmacia Progreso (Cecilia Glez.)	986 720 042
Farmacia Progreso (David M. Fdez.)	986 724 278
Farmacia Puerto	986 690 935
Portonovo	
Cita Previa	986 723 128
Centro de Saude Baltar	986 724 510
Farmacia (Caramés y Corral)	986 720 807
Farmacia (A. Méndez Besada)	986 691 002
Vilalonga	
Centro de Saude	986 745 767
Farmacia	986 743 008
Outros	
Farmacia A Vichona (A. Díaz Nieva)	986 691 944
Farmacia Noalla (Mª Carmen Carballal Veiga)	986 742 060

PARADAS DE TAXI

Cambados	986 542 434
O Grove	986 730 161
Meis	608 885 664
Sanxenxo	986 720 096
Portonovo	986 720 160
Vilalonga	986 744 353

PARROQUIAS

Cambados	
Parroquia de Santa Mariña	986 542 600
O Grove	
Parroquia de San Martiño	986 730 173
Meis	
Parroquia de Armenteira	986 710 626
Sanxenxo	
Parroquias de Sanxenxo	986 720 117
Portonovo	
Parroquia de Sta. María de Adina	986 720 296
Outros	
Parroquia San Xoan de Dorrón	986 740 197
Parroquia de San Esteban de Noalla	986 743 154

GASOLINEIRAS

Sanxenxo	986 720 746
Vilalonga	986 743 070

CENTROS VETERINARIOS

Sanxenxo	986 691 845
-----------------	-------------

FORZAS DE SEGURIDADE

Cambados	
Protección Civil	986 524 950
Policía local	986 524 092
Garda Civil	986 542 004
O Grove	
Protección Civil	986 732 255
Policía local	986 733 333
Garda Civil	986 730 902
Meis	
Protección Civil	986 712 211
Ribadumia	
Protección Civil	986 710 006
Garda Civil	986 526 934
Bombeiros	986 710 454
Sanxenxo	
Policía local	986 720 072
Garda Civil	986 720 252

Pazo de Fefiñanes. Cambados.





ORGANISMOS OFICIAIS

Pontevedra e provincia

Oficina de Turismo (Xunta de Galicia)	986 850 814
Oficina de Turismo O.A.L Turismo	986 842 690
Oficina de Turismo de Vigo	986 430 577
Oficina Municipal de Turismo de Sanxenxo	
Oficina Municipal de Turismo de Tui	986 601 789
Oficina Municipal de Turismo de Marín	986 880 300
Oficina Municipal de Turismo de O Grove	986 731 415
Concello Pontevedra	986 804 300
Deputación de Pontevedra	986 847 319
Seguridade Social Pontevedra	986 805 800
Depósito de Vehículos-Grúa Pontevedra	986 858 710
Xulgados	986 862 846
DNI e Pasaporte	986 852 408

Xerais

Rexistro Civil	986 833 018
Tribunal Constitucional	915 490 400
Insero	900 211 112
Instituto Nacional de Seguridade Social	986 805 800

EMERXENCIAS E FORZAS DE SEGURIDADE

Pontevedra e provincia

Emerxencias	112
Policia Nacional	091
Policia Local	092 / 986 851 972
Policia Autonómica	986 851 368
Garda Civil	062 / 981 167 800
Protección Civil	986 86 30 36 / 981 220 102
Cruz Vermella	1003 / 986 852 077
Bombeiros	986 434 133 / 986 872 220
Salvamento/Seguridade Marítima	986 845 300
Servizo de Defensa contra Incendios Forestais	986 851 520

Xerais

Garda Civil Tráfico	986 855 654
Axuda en estrada	917 421 213
Teléfono Teleruta	900 123 505
Servizo de Atención ao Soldado e Mariñeiro	915 270 527
Oficina do Defensor do Soldado	915 769 225
SOS Galicia 112	900 444 222
Salvamento marítimo	900 202 202
Incendios Forestais	085
Garda Civil	062

SAUDE

Pontevedra e provincia

Urxencias Médicas	061
Hospital Provincial	986 855 500
Hospital Montecelo	986 800 000
Sanatorio Domínguez	986 856 800
Sanatorio Sta. Rita	986 854 400
Persoas Discapacitadas	986 865 538

Xerais

Axuda ao menor, S.O.S. Galicia	900 444 222
Centro de Transfusións Sanguineas de Galicia	981 594 422
Asociación Española Contra o Cancro	900 100 036
Información sobre a Sida	900 111 000
Mulleres maltratadas	902 197 197

OUTROS ORGANISMOS

Fenosa (Averías)	901 380 22
Repsol Butano	900 506 070
Renfe (información xeral)	902 240 202
ONCE	981 206 900

AEROPORTOS

Peinador Vigo (50 km)	986 268 200
Lavacolla Santiago (80 km)	981 547 501
Alvedro A Coruña (140 km)	981 187 200

ESTACIÓNS DE TREN

Pontevedra (18 km)	986 851 313
Vilagarcía (24 km)	902 240 202
Vigo (40 km)	986 431 114
Santiago (75 km)	981 820 202
A Coruña (139 km)	981 150 202

ESTACIÓNS DE AUTOBUSES

Sanxenxo	902 292 900
Pontevedra (18 km)	986 852 408
Vilagarcía (24 km)	986 507 723
Vigo (45 km)	986 373 411

TÉLFONOS DE CANDELACIÓN DE TARXETAS BANCARIAS DE ESPAÑA

4B-VISA Electron-Master Card-VISA	902 114 400 / 913 626 200
Dinner's Club	902 401 112
Servired (VISA-VISA Electron-Master Card)	902 192 100
American Express	902 375 637
Red 6000	915 965 335
Caja Madrid	902 246 810
El Corte Inglés	901 122 122



Rúa de... **Rosalía de Castro**

Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 1837 - Padrón, 15 de xullo de 1885), a nosa máis grande poetisa que escribiu tanto en lingua galega como en castelán.

Considerada na actualidade coma un ente indispensable no panorama literario do século XIX, representa xunto con Pondal e Curros Enríquez unha das figuras emblemáticas do Rexurdimento galego, non só pola súa aportación literaria en xeral e polo feito de que os seus *Cantares Galegos* sexan entendidos coma a primeira gran obra da literatura galega contemporánea, senon polo proceso de sacralización o que foi sometida e que acabou por convertila en encarnación e símbolo do pobo galego. Rosalía de Castro é considerada, xunto con Gustavo Adolfo Bécquer, como a precursora da poesía española moderna.

Escribir en galego no século XIX, non resultaba nada doado por numerosas razóns, a maior parte delas ligadas ao pensamento e estrutura da sociedade do momento. A lingua galega quedara reducida a un mero dialecto, tan desprezado como desprestixiado, amosándose cada vez máis distante aquela época na que fora o idioma vehicular da creación da lírica galaicoportuguesa. Perdida a tradición escrita, facíase necesario comezar dende cero rompendo co sentimento de desprestixio social, nun ambiente no que o castelán como lingua da clase minoritaria dominante era a lingua da cultura.

Rosalía de Castro rompeu a cantar, volvéndolle o prestixio merecido ao galego, usándoo coma vehículo da súa obra *Cantares Galegos*, afianzando así o renacer cultural da lingua.

Aínda que foi unha asídua cultivadora da prosa, onde Rosalía sobresaíu foi no campo da poesía, a través da creación das que poden considerarse as súas tres obras clave: *Cantares Galegos*, *Follas Novas* e *En las orillas del Sar*. A primeira delas representa un canto colectivo, artísticamente logrado, que serviu de espello dignificante para a comunidade galega, ao empregarse a lingua desta, así como tamen foi útil para proseguir coa tendencia tímida iniciada polo pontevedrés Xoán Manuel Pintos coa súa obra titulada *A Gaita Galega* (1853). Na segunda, a escritora deu lugar a unha poética de grande profundidade, que emprega o símbolo coma método para expresar o inefable e que revela a plurisignificación propia da máis elevada poesía; xunto coas obras *Aires da miña terra* (Curros Enríquez), *Saudades Galegas* (Valentín Lamas Carvajal) e *Maxina ou a filla espúrea* (Marcial Valladares) completa o conxunto de obras publicadas na década de 1880 que fixeron destes anos unha etapa clave no desenvolvemento da literatura galega, se ben a obra de Rosalía sempre mantivo unha posición predominante con respecto ao resto. Finalmente, en *En las orillas del Sar*, manifestase un tono trágico que encaixa coas duras circunstancias que rodearon os derradeiros anos da vida de Rosalía. Escrito en castelán, a obra afonda no lirismo subxetivo propio de *Follas Novas* ao mesmo tempo que se consolidan as formas métricas que alí apuntaban. Inicialmente calificado de precursor e obviado pola crítica do seu tempo, hoxe existen diferentes estudos que o consideran coma a principal creación poética de todo o século XIX.



Casa Museo Rosalía de Castro (Padrón)



Casa Museo Rosalía de Castro (Padrón)

Concesionario BMW

Celtamotor



¿Te gusta conducir?

15 MINUTOS

LA DISTANCIA ENTRE LAS EMOCIONES Y TÚ.

**DESCUBRE TODA LA ESENCIA DE BMW
EN CELTAMOTOR, A SOLO 15 MINUTOS.**

Celtamotor

Ctra. N-640, km 233,9
Godos - Santa Catalina
(a 3 km de Vilagarcía de Arousa)
Tel.: 986 56 55 87
Caldas de Reis

www.celtamotor.bmw.es

Escanea el código QR y
localiza tu concesionario BMW



MOBILIARIO **DKORA**

Más de 8000 metros cuadrados de exposición, gran variedad de todo tipo de muebles y cocinas, especialidad en muebles a medida y diseños, gran variedad de ofertas, liquidación de stock de almacén.



sofá con dos relax eléctricos
969€ (precio oferta en varias telas)



Vilanoviña Nave 1 Paradela 36616 Meis
Carretera Pontevedra a Vilagarcía
Telf.: 986 09 06 03 Movil 670 934 610

www.dkoramobiliario.com
dkoramobiliario@gmail.com